

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MUGARDOS O DÍA 16 DE MARZO DE 2007.**

Na Sala de Comisións da casa do concello de Mugardos, ás nove horas e dous minutos do día dezaseis de marzo do ano dous mil sete, previa convocatoria e citación ao efecto, reúnese, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, a Xunta de Goberno Local baixo a presidencia do alcalde-presidente, D. Xosé Fernández Barcia, coa asistencia dos tenentes de alcalde, D. Moisés Rivadulla Fernández, Dna. Margarida Corral Sánchez e D. Evaristo Deus Deus. Actúa como secretario o que o é da corporación, D. Rafael Bermúdez Iglesias.

Aberta a sesión pola presidencia, éntrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

### **1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, REALIZADA O DÍA 12.03.07.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión extraordinaria realizada o día 12.03.07.

### **2.- RECURSO DE REPOSICIÓN DE D. JOSE MANUEL SIXTO PENA, CONTRA O ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 19.01.07: EXPEDIENTE DE EXECUCIÓN SUBSIDIARIA.**

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o ditame da comisión informativa de urbanismo e industria, por unanimidade, acorda:

1º.- Desestimar o recurso de reposición interposto por D. José Manuel Sixto Pena (R.E. 967/21.02.07) contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 19.01.07 correspondente ao expediente de execución subsidiaria das obras necesarias para o cambio de sentido de apertura de peche dun portal sito en Franza de Abaixo, núm. 7, no que solicita que se dite resolución deixando sen efecto o expediente de execución subsidiaria, por resultar imposible deixar sen efecto a execución subsidiaria, xa que esta xa tivo lugar o día 01.12.2006, e por non conter o recurso ningunha alegación contra a liquidación dos gastos ocasionados pola devandita execución subsidiaria.

2º.- Aceptar a súa proposta de que se referencie o eixo do camiño en toda a súa lonxitude.

3º.- Dar traslado do presente acordo á técnica municipal ao efecto de dar cumprimento ao acordado no punto 2º.

### **3.- APROBACIÓN DO GASTO.**

Tendo en conta a relación de gastos elevada á Xunta de Goberno Local pola Intervención Municipal, obrante no expediente, e en base á delegación prevista no punto 5 do apartado terceiro da Resolución da Alcaldía 308/2003 de 18 de xuño de 2003, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Prestar a súa aprobación á seguinte relación de gastos para a súa autorización, disposición e recoñecemento da obriga nun soio acto en virtude do establecido no apartado 18º das Bases

de Execución do Orzamento de 2006, coa aplicación orzamentaria, natureza do gasto e importe que a continuación se detalla:

<b>Rex.</b>	<b>Fact</b>	<b>Partida</b>	<b>Provedor e concepto</b>	<b>Importe</b>
231	1	2007.0.432.0.21001	FRANCISCO MONTERO VILA MANTEMENTO E CONSERVACION PARQUES E XARDINS	2.650,60 €
234	263	2007.0.442.0.22713	SOGAMA, S.A. TRATAMENTO RSU PLANTA NARON, MES XANEIRO	9.393,82 €
290	62	2007.0.432.0.22710	CALSOMATU,S.L. MANTEMENTO E CONSERVACION ALUMEADO, PUBLICO, MES XANEIRO	3.060,29 €
307	310107	2007.0.432.0.22100	UNION ELECTRICA FENOSA ENERXIA ELECTRICA ALUMEADO PUBLICO,19.12.06/24.01.07	1.960,27 €
327	735	2007.0.511.0.21001	BEGASUCEGSA EXPLANACION E RASANTEO DE CAIXA, RAMAIS RUA BELLO PIÑEIRO	2.896,69 €
335	743	2007.0.511.0.21001	BEGASUCEGSA EXPLANACION E RASANTEO DE CAIXA, CAMIÑO BAÑO-ROIBEIRAS.	2.987,73 €
336	744	2007.0.511.0.21001	BEGASUCEGSA BACHEO DE VIAIS CON AGLOMERADO EN FRIO	2.402,68 €
344	16	2007.0.451.0.22607	SANTA COMPAÑA/ MARTINEZ ALLEGUE, M <sup>a</sup> . JOSE CARPA, PIROTECNIA, TARIMA, DISCO ESPECTACULO E PIROTECNIA, DIAS 19,20 E 21.02.07, ENTROIDO 2007	2.760,80 €
352	2/2007	2007.0.611.0.22708	GONZALO RGUEZ FERNANDEZ 5% IMPORTE LIQUIDACION 2/2007	12.243,13 €
364	407	2007.0.432.0.22706	YOLANDA MAURIZ BASTIDA ASISTENCIAS TECNICA OFICINA REHABILITACION, MES FEBREIRO	2.083,33 €
366	37/2007	2007.0.432.0.22706	XCALE, S.L. PROXECTO URBANIZACION, REPOSICION DO FIRME, CAMIÑO DA AREOSA.	2.475,56 €
380	201451003	2007.0.441.0.22101	EMPRESA MIXTA DE AUGAS DE FERROL, S.A. SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE DENDE FERROL, 49.010 M3, MES XANEIRO	7.866,11 €
381	MG07/01	2007.0.313.0.22718	ANA NAYA GARCIA, S.L. CONTRATO DO SP ATENCION A PRIMEIRA INFANCIA DE AS LAGOAS, MES XANEIRO	5.995,47 €
382	MG07/02	2007.0.313.0.22718	ANA NAYA GARCIA, S.L. CONTRATO ADMON. SP ATENCION A INFANCIA, ESCOLA DE AS LAGOAS, MES FEBREIRO	5.995,47 €
383	106	2007.0.432.0.22710	CALSOMATU,S.L. MANTEMENTO E CONSERVACION DO ALUMEADO PUBLICO, MES FEBREIRO	3.060,29 €

#### **4.- RECTIFICACIÓN DO ERRO PADECIDO NAS BASES DA CONVOCATORIA ESPECÍFICA 1/2005: AUXILIAR ADMINISTRATIVA/O (O.E.P. 2005)**

Advertido erro na base 9ª das que rexen a convocatoria específica 1/2005: auxiliar administrativa/o, as cales foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión realizada o día 16.02.07 e publicadas integramente no Boletín Oficial da Provincia núm. 47 de 27.02.07, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Rectificar o erro padecido na base 9ª tal como figura deseguido:

**Base 9ª.- Contido do proceso selectivo, forma de desenvolvemento e sistema de cualificación. FASE DE OPOSICIÓN. Cuarto exercicio.**

Onde di:

“Fase de oposición: Constará dos seguintes exercicios, de carácter obrigatorio e eliminatorio, agás o de galego, sendo os contidos e cualificacións os que deseguido se describen:”

“Cuarto exercicio.- De carácter obrigatorio e non eliminatorio.”

Debe dicir:

“Fase de oposición: Constará dos seguintes exercicios, de carácter obrigatorio e eliminatorio, sendo os contidos e cualificacións os que deseguido se describen:”

“Cuarto exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.”

#### **5.- RECTIFICACIÓN DO ERRO PADECIDO NAS BASES DA CONVOCATORIA ESPECÍFICA 2/2005: ORDENANZA-NOTIFICADOR/A (O.E.P. 2005)**

Advertido erro na base 9ª das que rexen a convocatoria específica 2/2005: ordenanza-notificador/a, as cales foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión realizada o día 16.02.07 e publicadas integramente no Boletín Oficial da Provincia núm. 47 de 27.02.07, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Rectificar o erro padecido na base 9ª tal como figura deseguido:

**Base 9ª.- Contido do proceso selectivo, forma de desenvolvemento e sistema de cualificación. FASE DE OPOSICIÓN. Terceiro exercicio.**

Onde di: “Terceiro exercicio.- De carácter obrigatorio e non eliminatorio.”

Debe dicir: “Terceiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.”

#### **6.- BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL INTERINA, MEDIANTE OPOSICIÓN LIBRE, DE UN/UNHA ARQUITECTO/A TÉCNICO.**

A Xunta de Goberno Local, a proposta da sra. Corral Sánchez, por unanimidade, acorda deixar pendentes as presentes bases para a súa revisión, en canto á adecuación á linguaxe non sexista, polo departamento de Servizos Sociais.

Sen máis asuntos para tratar, ás nove horas e catorce minutos do día ao comezo sinalado, o sr. Alcalde levanta a sesión, de todo o cal eu, como secretario da corporación, dou fe.

Vº. e prace  
O ALCALDE